

# Acordos do pleno do Consello Social do ano 1995

- Aprobación das solicitudes de modificacións presupostarias do Capítulo II e VI de distintos Centros de Gasto e tivo coñecemento dos créditos incorporados ó presente exercicio como consecuencia de remanentes de créditos existentes a 31 de decembro de 1993.
- Aprobación das Taxas de diversos Cursos de Posgrao.
- Aprobación de expedientes de doazón de bens mobles.
- Aprobación das modificacións da relación de postos de traballo do P.A.S.
- Contratación dos traballos de auditoría financeira da Universidade do exercicio orzamentario ó 31-12-93
- Distribución das 115 Bolsas de Colaboración asignadas á U.S.C. entre os distintos departamentos, polo M.E.C. destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ós alumnos do último curso de segundo ciclo.
- Aprobación do cambio de denominación da Escola Universitaria de Graduado Social por Escola Universitaria de Relacións Laborais.
- Aprobación da solicitude de implantación do 2º Ciclo de Empresariais en Lugo.
- Aprobación do Presuposto da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 95.
- Aprobación de programación plurianual da Universidade 1995-99.
- Aprobación do proxecto para a creación dun centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela (Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo).
- Aprobación da distribución do Presuposto do Consello Social.
- Aprobación dos expedientes de cesión de uso de terreos para Escola de Enfermería e a Facultade de Humanidades e de cesión de uso de material mobiliario.
- Aprobación da transformación da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación e da Escola Universitaria de E.X.B. nas Facultades de Ciencias da Educación e Filosofía.
- Aprobación da Oferta Pública de Emprego da Universidade de Santiago de Compostela.
- Aprobación da creación do Instituto de Altas Enerxías.
- Ratificación do acordo da adscrición da Escola de Relacións Laborais de Lugo á Universidade de Santiago de Compostela.
- Ratificación sobre a modificación do procedemento de tramitación dos expedientes da subministracións.
- Tivo coñecemento da Memoria Económica da Universidade do exercicio 1993.
- Tivo coñecemento do asinamento dun Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A. para a vinculación do Centro Superior de Hostelería de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela.